

# Carta a Uxío Novoneyra

OLGA PATIÑO NOGUEIRA

A Coruña, Outono 2000

Querido Uxío:

Algún día voltarei de A Coruña a O Courel dos tesos cumes ... na procura da túa esencia, que non é outra que o celme da Natureza.

Voltarei na procura da túa voz pausada e firme. Demandarei a aquel druída dicidor da palabra, transmisor da linguaxe dos paxaros, do murmurio das augas do río, da brevidade da chuvia, da voz das follas aflixidas polo asubiar do vento, da soidade dos cumes e o latexo da pedra, sen esquece-lo berro do home.

Uxío, aínda segues a comunicar unha Natureza xamais durmida; tentando pescuda-la orixe de todo, mudando a palabra do misterio –nunca miúdo, sempre transcendente-achegándote ó ser non ser.

Algún día chegarei a albiscar “O Olló do río” nai-fonte, poción máxica para o teu interior poboado dunha face afable, que non treme ante a verdade.

Lembrarei ese paseo irrepertible ata aquel lugar; fixado para sempre na memoria do corazón.

Foi unha tarde de verán do ano 95. Alí nos atopabamos un grupo de amigos, na túa casa de Parada. Unha vez máis refuxio de amigos, pousada acolledora de trato cálido e alimento abondoso, con recendo de vento ceibe.

A tardiña aquel grupo de amigos guiados por ti encamiñámonos ata “O Olló do río”. Atravesamos a maxia do -souto- poboado por centenarios castifeiros, adobiados de entretecidas nervacións, desafiantes á rutina do tempo envoltos na preguizosa luz do serán.

Iamos cara a un prado case perpendicular, antesala de “O Olló do río”. Fuches ti quen escoitou denantes que ninguén de nós o canto do carro aló ó lonxe e nos fixeches partícipes dese son rouco. Sentámonos sobre a herba e gardamos silencio. Ó lonxe a voz das rodas bicando o chan mantívonos atados nunha sabia complicidade. Só cando aquel son se alonxou o suficiente, converténdose nun lamento imperceptible, proseguímo-lo camiño.

Aló enriba a sombra húmida enchíao todo, facendo agromar sentimentos que nos achegaban á utópica-esencia-solidaria do ser humano.

Eiquí, baixo a zarzalla a tempada de loita non remata. A itinerante intransixencia dos homes segue a facer tremer ós campos de tollemerendas.

Dende ese espacio sideral, tribuna de plenilunio, dende as ambulantes raíces que atravesan a terra, quero que me gardes un segredo:

Eu, aínda espero a música nesta banda do tempo. Son unha inxenua, sempre o fun. Non o podo evitar.

Unha forte aperta. Bicos.

*Olga Patiño Nogueira*



*O castelo de Carbedo na parroquia de Esperante, no Caurel, Lugo.  
Medindo, Javier Sánchez Palencia (abaixo) e Alfredo Erias.*